

Family Seguros

Con tus seguros y una alarma,
consigue hasta **1.000 €**
en una Tarjeta Regalo

PRESSDIGITAL • ECONOMY • GALICIA • CATALUNYA

Español



Xoves, 9 de Febreiro de 2017 15:53

Galici@PRESS
TE INFORMA



Numero de contacto (34)678803735
redaccion@galiapress.es

PORTADA POLÍTICA E SOCIEDADE SANIDADE ECONOMÍA E RSC DEPORTES CULTURA E COMUNICACIÓN OPINIÓN

Temas do día

luz frío turismo Febreiro Arias Cañete Angrós NCG abandono escolar CEG Arias desemprego cláusulas chan cultura galega

O deterioro na hospitalización psiquiátrica derivou nunha agresión e un suicidio en Santiago

Redacción | Xoves, 9 de Febreiro de 2017, 11:52

Escuchar



5



0



ARCHIVADO EN | recortes deterioro hospitalizacion psiquiatria suicidio agresión saúde mental



O Movemento Galego da Saúde Mental denunciou, a través dun comunicado, o "doloroso dano" que están a provocar "os recortes" en hospitalización psiquiátrica en Santiago de Compostela e que derivaron no recente suicidio dunha paciente ingresada e na denuncia, uns días antes, dunha agresión sexual por parte doutra paciente.

A asociación lembrou as súas reiteradas chamadas de atención sobre o "**deterioro progresivo**" da atención á saúde mental en Galicia, causado polos "recortes sanitarios e as formas de xestión sen planificación".

Como consecuencia destes "recortes", o movemento denunciou "que se estaba comprometendo a **calidade asistencial e a seguridade** dos pacientes", algo que evidencian "recentes acontecementos" na Unidade de Hospitalización Psiquiátrica do Hospital Médico Cirúrxico de Conxo.

"O falecemento dunha paciente por suicidio e a denuncia, uns días antes, dunha agresión sexual por parte doutra paciente, ambas as dúas ingresadas nesa unidade, son cuestións de indubidable gravidade que han de entenderse **no marco do deterioro** antes sinalado", explicou a entidade.

ÚLTIMAS NOVAS

A oposición pide á Xunta "explicacións urxentes" polo concurso de ambulancias do 061

A Xunta destinará 5 millóns de euros a reparar os danos do temporal

Atopan no Río Ulla o corpo dun home que levaba desaparecido desde o mércores

O PSOE de Ourense alerta de actuacións clientelares no Concello

OS MÁIS LIDOS

- 1 Prohibido plantar patacas no norte de Galicia para erradicar unha praga
- 2 Morre un home tras caer co seu coche ao mar en Foz
- 3 O concello de Lugoponse firme cos condutores e veciños pouco "civilizados"
- 4 O PP rexeita ampliar os contratos de tres a nove meses aos traballadores antiincendios
- 5 Prisión para a nai do bebé maltratado en Ourense e a súa exparella

Galiciapress
1701 Me gusta

Me gusta esta página

Compartir

Sé el primero de tus amigos en indicar que le gusta esto.



Neste sentido, o Movemento da Saúde Mental volveu criticar a "escasa dotación desta unidade" e a "frecuente retirada de persoal de enfermería" dela para "cubrir necesidades noutros servizos do mesmo hospital, tamén debilitados polos recortes de persoal".

Do mesmo xeito, denuncian a "escasa actividade dos pacientes ingresados, a carencia de terapeuta ocupacional no equipo, a falta de medios para a coordinación e a elaboración de plans terapéuticos" e "a repetición de agresións ao persoal".

NON PERMANECER "PASIVOS"

Para a asociación, estes acontecementos, "se se poden previr", non poden "aceptarse silenciándoos ou permanecendo pasivos ante eles", polo que reivindicaron que sexan coñecidos "publicamente".

A prevención para que este tipo de situacións non se repitan no futuro "esixe a adopción de inmediato das medidas oportunas", recollendo "as contribucións dos profesionais, en particular de enfermería, para mellorar a calidade da hospitalización psiquiátrica".

Para iso, o movemento rexeita centrarse só en "medidas de reforzo do control sobre os pacientes" e aposta por "reforzar a finalidade terapéutica da hospitalización"

 **Traballadores da sanidade reclaman a recuperación dos seus salarios e dereitos recortados**

 **SOS Sanidade Pública, ante os colapsos: "Non é a gripe, son os recortes"**



5



G+



NOTICIAS RELACIONADAS



O deterioro na hospitalización psiquiátrica derivou nunha agresión e un suicidio en Santiago



Tres de cada catro enfermeiras galegas sufriron un accidente biolóxico



Doce mortes na última semana elevan a 78 os falecidos por gripe en Galicia

Sen comentarios

Escribe o teu comentario

Nome

E-mail

Enviar

Non está permitido verter comentarios contrarios á lei. Nos reservamos o dereito a eliminar os comentarios que consideremos fora de tema.

Family Seguros

Con tus seguros y una alarma,
consigue hasta **1.000 €**
en una Tarjeta Regalo

COMBA PRESS, S.L.

